



ADMISIÓN DO ALUMNADO CURSO 2021/2022 **INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS**

NORMATIVA REGULADORA

[ORDE do 18 de decembro de 2020](#) pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (código de procedemento ED550A e ED550B).

[ORDE do 25 de xaneiro de 2017](#) pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

[ORDE do 12 de marzo de 2013](#) pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

[DECRETO 254/2012, do 13 de decembro](#), polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

POSTOS ESCOLARES OFERTADOS PARA O CURSO 2021/2022 POR UNIDADES **DE EDUCACIÓN INFANTIL**

ESCOLA	ALUMNOS MATRICULADOS PARA O CURSO 2021/2022	Nº DE PRAZAS VACANTES
BEXO	7	13
LAÍÑO	10	10
LESTROBE	4	16
VIGO	7	13
TOTAL:	28	52

NOTA: Reservaranse 3 prazas para atender á escolarización de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. As devanditas prazas non adxudicadas, asignaranse dentro do procedemento ordinario de admisión.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Do 11 de xaneiro ao 8 de febreiro	RESERVA DE PRAZA A CENTRO ADSCRITO	Alumnado de 6º de E. Infantil do CRA que solicita praza para o CPI EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN ANEXO ED550A
Do 1 ao 20 de marzo, ambos incluídos	SOLICITUDE DE ADMISIÓN	Presentar a solicitud (dúas primeiras follas do ANEXO II da Orde do 25 de xaneiro de 2017) no centro solicitado en primeiro lugar. Deberá ser asinada por calquera das/os titulares da patria potestade. O mencionado ANEXO II ED550B será facilitado no do CRA de Dodro. Tamén poderá cumprimentarse ou descargarse na aplicación <i>admissionalumnado</i> da CEUFP. Achegar copia do DNI do alumna/o ou copia do libro de familia e copia do DNI dos pais/titores legais .
Do 1 ao 14 de abril	Presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo, <u>SÓ NO CASO DE HABER MÁIS DEMANDA DE PRAZAS QUE AS OFERTADAS</u>	Presentación das follas 3, 4 e 5 do ANEXO II xunto coa documentación acreditativa correspondente.
Antes do 25 de abril	Publicación das listaxes provisionais de admitidos/as e non admitidos/as	Reclamación no prazo de 5 días hábiles dende a súa publicación ante o Consello Escolar.
Antes do 15 de maio	Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as e non admitidos/as	Recurso de alzada ante a Xefatura Territorial no prazo dun mes dende a súa publicación.
Do 20 ao 30 de xuño, ambos incluídos	FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA	Presentar o documento de formalización de matrícula (ANEXO III-1 da Orde do 12 de marzo). Achegar copia da tarxeta sanitaria e 2 fotos tamaño carné .

NOTA INFORMATIVA:

1º. Só se pode presentar **unha única solicitud** no centro no que solicite praza en primeiro lugar. Non sendo así perderá os dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

2º. O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitud de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

3º. O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitud de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

Segundo o recollido nas Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o proceso de admisión de alumnado para o curso académico 2020-2021 no apartado 7. a) e b), a consulta por parte das familias das listaxes provisionais e definitivas só se poderá realizar de forma:

PRESENCIAL no taboleiro de anuncios situado no interior do edificio escolar, ou NON PRESENCIAL única e exclusivamente a través da aplicación *admissionalumnado* empregando a Chave365 ou certificado dixital da Fábrica Nacional da Moneda e Timbre.